




GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ



Ó PLENO DO CONCELLO DE ALLARIZ

MOCIÓN SOBRE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR PARTE DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS

Zaida Rodríguez Camba, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, ó abeiro do disposto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local e nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte Moción sobre a **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR PARTE DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS**, para a súa deliberación en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As recentes sentenzas do Tribunal Supremo que afectan á situación das empresas que xestionan as redes de transporte de electricidade, gas, auga e hidrocarburos, respecto do uso que fan do dominio público, veñen a afectar á recadación municipal, en conformidade co que establece o artigo 20 da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Ditas sentenzas veñen a referendar o dereito dos concellos a establecer taxas por calquera suposto de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, do que se infire que afecta aos medios de transporte aéreos e terrestres (tubaxe, tendidos, galerías, etc) que empregan as compañías subministradoras de enerxía eléctrica, gas, hidrocarburos e auga. Dado o especial aproveitamento que estas compañías fan, no que hai un afán de lucro polo servizo que ofertan, o Tribunal Supremo veu a ratificar o dereito das entidades locais a gravar o uso dun espazo que é de dominio público.

Tendo en conta, ademais, a situación de crise no financiamento dos concellos e a especial atención que deben por para cumprir co seu teito de gasto, a opción de establecer taxas a estas compañías, resulta de interese á hora de captar ingresos locais. O establecemento dunha ordenanza reguladora destas taxas dirixidas a unhas empresas que reciben un claro beneficio polo uso dese dominio público, revertería no ben común da cidadanía ó contar, os concellos, cun *plus* de financiamento para os servizos que ofrece.

Así mesmo, dende o Partido Socialista, consideramos que deixar de cobrar esta taxa polo aproveitamento do dominio público crea un grave precedente de discriminación posto que calquera actividade empresarial que derive nun uso privativo do que é de todos e todas, debe tributar a favor do ben común. Asemade, no caso das empresas subministradoras de enerxía, os cidadáns veñen soportando continuas subas nos recibos de electricidade e gas sen que haxa unha



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

contraprestación polo uso que fan do dominio público. Todo isto tradúcese nun amplo marxe de beneficio para estas empresas que non se ve traducido no que devolven á sociedade dona dos recursos e dominio que empregan.

Toda vez que o máis alto tribunal do Estado reafirmou a legalidade das ordenanzas reguladoras destas taxas que estableceron varias entidades locais no seu día; é hora de que todos os concellos, incluído o noso, valoren a conveniencia de establecer esta mesma ordenanza adaptada ás necesidades de cada un e baseada en criterios claros e definidos. Á hora de redactar este tipo de ordenanza é preciso determinar, con moita rigorosidade e eficiencia, en base a que criterios se establecen os gravames impostos. Como regra xeral, deberemos analizar a situación concreta da nosa tributación propia no que se refire ó feito imponible das taxas, é dicir, que queremos gravar en concreto, podéndose dar o caso que haxa varios feitos imponibles (explotación ou instalación, por exemplo). Así mesmo, debe comprobarse a compatibilidade con outras normas e taxas xa existentes e realizar un exhaustivo informe técnico-económico que apoie a referida taxa en base ó caso concreto do noso concello (metros de tendido, tipo de chan, etc).

Do mesmo xeito, é imprescindible determinar o valor de mercado desa utilidade que queremos gravar, polo que o informe técnico-económico debe ter en conta o valor catastral do chan e o tipo de chan do que estamos a falar, así coma indicar o método de cálculo que se vai empregar para establecer os prezos segundo o valor da utilidade. Dadas as especiais características do establecemento destas taxas, cómpre que o noso concello reciba e demande toda a axuda técnica que fose precisa para facer unha ordenanza e inventario co máximo rigor e eficiencia e que xustifique, do xeito máis exacto, o establecemento das taxas propostas.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista no concello de Allariz, presenta, para a súa consideración e aceptación, a esta Corporación Municipal, o seguinte,

ACORDO:

- **Creación dunha Ordenanza Municipal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local por parte das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.**

En Allariz a 22 de marzo de 2017.

Asdo.: Zaida Rodríguez Camba.
Concelleira do PSdG-PSOE en Allariz.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ.-